

# ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 24 DE AGOSTO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintecatro de Agosto de mil novecentos noventa e cinco; á unha da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno oportunamente convocada correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don Xosé Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso. Non asiste o titular desta Alcaldía, Don Jaime Dávila Sánchez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.  
Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan selos seguintes:

## **1.- OBRAS MAIORES.-**

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concedese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen perxuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resulta da definitiva, por unanimidade:

A **Dona Julia Vázquez Pereiras**, veciña de Francelos, para que nun inmoible sito na rúa Yáñez, nº 9, desta Vila poida proceder á adición dunha planta; as obras axustaranse ó proxecto presentado; solicitará licencia de primeira ocupación; depositará unha fianza de 80.000 pts. para responder da reposición de pavimentos. A validez desta licencia e de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 185.241 pesetas.

A **Don Julio Rivera Fernández**, veciño desta vila con domicilio na rúa San Martín, 6, para que nun solar da súa propiedade sito na rúa Yáñez, 39, poida construír un edificio de baixo máis dúas plantas altas; as obras axustaríanse ó proxecto presentado visado o 29 de Xuño do corrente ano; solicitará licenzia de primeira ocupación; depositará unha fianza de 80.000 pesetas para responder da bondade da reposición do pavimento na rúa. A validez desta licenzia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva liquidación provisional practicada ós efectos do imposto de construción, instalación e obras desta licenzia, o cal importe é de 279.515 pesetas.

## **2.- ESCRITOS SEÑORES CIUDADANS.-**

Non houbo.

## **3.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A comisión municipal de goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público do abastecemento de Ribadavia e de San Paio.

Da Farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Ribadavia e de San Paio.

Da Delegación Provincial da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, remisión de resolución de aprobación de cursos FSE 1995: Viticultor, Axudante restaurante bar e Analista de Adega.

Da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, convenio de cooperación entre a devandita Consellería e o Concello de Ribadavia para a realización de xornadas de promoción sobre cooperativas e formas de economía social, e, seguridade e hixiene no traballo.

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, sobre Regulamento Técnico-Sanitario para o abastecemento e control da calidade das augas potables de consumo público.

Do Goberno Civil, comunicando imposición de sancións a varios establecementos públicos desta Vila.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Xullo presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 99.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da segunda entrega a conta á Empresa Saguary Rotualacións de 586.000 pesetas por montaxe e infraestructura da XI Mostra Internacional de Teatro.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento de 30.000 pesetas a Don Francisco Madarnás Estévez, por aplicación dunha hora máis á hora de impartir as clases correspondentes a un curso de natación na Piscina Municipal.

Visto un escrito asinado pola Sra. Presidenta da Asociación de Veciños "San Francisco-Estación", no que se interesa se lle conceda unha subvención económica para aboamento a profesores de gaita e baile rexional os cales se impartiron no período comprendido dende o 1 de Abril o 24 de Xuño do corrente ano, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda concederla devandita subvención por importe de 125.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda o aboamento de 50.000 pesetas cada mes dende Maio ata Xuño, ámbolos dous inclusivos, por impartición de clases na Escola Municipal de Taekwondo ó Ximnansio Seoul, da acordo co convenio de colaboración entre o devandito Ximnansio e mailo Concello por impartición de clases de taekwondo.

E sendo a unha e media da tarde, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.